

# **EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL**

MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN DE CENTRO PARA 2º ESO

## **Proxecto curricular**

**IES Marco do Camballón**

**Departamento de Orientación  
Departamento de Bioloxía e Xeoloxía**

**Nivel de implantación: 2º ESO**

**Carga horaria semanal: 1h**

# EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL

Materia de libre configuración de centro – 2º ESO

## 1. XUSTIFICACIÓN

Por que é importante unha materia que fale de educación afectivo-sexual? Porque a sexualidade forma parte da nosa vida e do noso día a día, presentando dimensións físicas, psicolóxicas, espirituais, sociais, económicas, políticas e culturais; tal e como nos indica a UNESCO. A falta de información e de formación dos mozos e mozas fainos potencialmente vulnerables ante a coerción, o abuso e a explotación sexual, o embarazo non planeado e as infeccións de transmisión sexual. Isto engádese á necesidade de axudar na diferenciación dos termos sexualidade e xénero e na importancia de entregar aos/ás adolescentes os coñecementos e habilidades que lles permitan facer eleccións responsables nas súas vidas ante a crecente chegada de información por diferentes medios.

Unha educación en sexualidade afectiva pode entregar aos mozos e mozas información culturalmente relevante, cientificamente rigorosa e apropiada á idade do/a estudante. Esta incluírá oportunidades estruturadas que lles permitan explorar os seus valores e actitudes, poñendo en práctica competencias esenciais para a toma de decisións e elixir con fundamento a forma na que se desexa conducir a súa vida sexual. O entorno escolar ofrece unha importante oportunidade para impartir educación en sexualidade a un gran número de alumnos e alumnas, antes do inicio da súa vida sexual activa, así como facelo a través dunha estrutura axeita e común, o currículo.

Podemos dicir por tanto, que entre as metas da Educación Afectivo-Sexual se atopa o feito de entregar aos mozos e mozas o coñecemento, competencias e valores que lles permitan asumir responsablemente a súa vida sexual e social nun mundo en constante evolución, así como asesoralos naquelas dúbidas que lles puidesen xurdir.

Nun contexto no cal a ignorancia e a información errónea poden representar unha ameaza para a vida, a educación afectivo-sexual é parte da responsabilidade que deben asumir as autoridades e na cal os mestres e mestras temos grande responsabilidade. Nós, xunto cos pais e nais debemos garantir a protección e benestar dos nosos mozos e mozas, proporcionándolles todas as ferramentas que estean da nosa man.

## 2. CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias e a súa adquisición deben incluírse na formación plena do alumnado cara a súa vida adulta. Neste caso, estamos falando dunha materia que ademais de formalos para o futuro, proporcionálles o coñecemento e seguridade de algo presente no noso día a día. Estaremos formando competencialmente e de xeito completo ao noso alumnado, permitíndolles enfrontarse á súa realidade e á das demais persoas que nos rodean.

A continuación faise unha breve descrición acerca de como pode contribuírse a cada unha das competencias clave do noso currículo.

- **Competencia en Comunicación Lingüística (CCL):** a esta vaise contribuír no día a día da materia, ben sexa explicando certos contidos de aspecto máis teórico, así como mediante as tarefas orais e escritas (tanto individuais como grupais) que implicarán a participación directa do alumnado. Aproveitaremos o traballo sobre a materia para poñer en uso a terminoloxía científica correspondente e achegaremos aos mozos e mozas todos aqueles termos de recente incorporación e que poden ser descoñecidos para eles/as.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** a Educación afectivo-sexual está directamente relacionada con esta competencia posto que para facer un traballo completo sobre a mesma, son necesarios coñecementos anatómicos e fisiolóxicos relacionados cos aparellos xenitais de ambos sexos.
- **Competencia dixital (CD):** a sociedade, e por tanto o noso alumnado, están rodeados de estímulos dixitais procedentes de distintos dispositivos. Estes estímulos veñen cargados de información que ás veces en lugar de axudar a resolver dúbidas, poden chegar a crealas. Por este motivo é moi importante a utilización de medios dixitais na procura, e sobre todo na selección e tratamento da información, como metodoloxía habitual de traballo. Ademais isto contribuirá ao traballo en equipo, á colaboración, e á responsabilidade e respecto grupal.
- **Competencia de aprender a aprender (CAA):** a través desta competencia preténdese que o alumnado sexa quen de ir achando as mellores opcións de traballo, ben individual coma colectivo, para favorecer o ben común. Deberán familiarizarse coas fontes de información e saber seleccionar aquilo que aporte veracidade e datos relevantes para a súa vida diaria.
- **Competencia social e cívica (CSC):** ningunha dúbida ten que esta competencia vai ter un traballo diario dentro da materia de Educación afectivo-sexual. O respecto cara os demais, a empatía, a solidariedade, a axuda mutua, ... todas estas e moitas máis caben dentro dos propósitos que engloba a formación na afectividade e sexualidade.

- **Competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** o feito de que facilitemos ao noso alumnado a toma de decisións propias baseadas no seu coñecemento e na súa opinión, van contribuír á adquisición desta competencia. Por suposto, trátase dunha competencia esencial tanto na visión da súa identidade persoal coma no respecto polo alleo.
- **Competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC):** a esta contribuírase desde a elaboración de murais con información que poidan axudar a outros/as compañeiros/as, durante a presentación de traballos de distintas temáticas, na representación da nosa anatomía, ou mesmo na visualización e/ou elaboración de recursos de tipo audiovisual.

### 3. CONTRIBUCIÓN AOS OBXECTIVOS DA ETAPA

O presente currículo pretende contribuír igualmente á consecución dos obxectivos de etapa xunto coas demais materias da Educación Secundaria Obrigatoria, tal e como se mostra a continuación:

- Os obxectivos **(a)**, **(b)** e **(c)**, que atinxen á adquisición de conciencia cidadá, madureza persoal e social e fomento da igualdade, son de carácter transversal e rexístranse en varios momentos ao longo da materia, parellos á competencia social e cidadá. A Educación afectivo-sexual está directamente relacionada coa concienciación social baseada no respecto entre iguais e na visión da diversidade coma unha riqueza colectiva.
- Os obxectivos **(d)** e **(e)** son específicos e necesarios dunha materia baseada na información, e son indispensables para o seu coñecemento integral. Tal e como se comentou ao falar da competencia dixital, vólvese imprescindible o manexo e selección autónomos da información.
- O obxectivo **(g)** vai ter unha relevancia notable nesta materia, en fortalecer a autoestima e por tanto o aumento da confianza e seguridade en si mesmos, o que lles permitirá tomar decisións e asumir responsabilidades.
- O obxectivo **(h)** vaise traballar desde a comunicación oral e escrita, individual e grupal, contribuíndo tamén á competencia lingüística.
- Aos obxectivos **(i)** e **(l)** vaise contribuír desde a expresión e traballo coa información noutras linguas e a aproximación doutras culturas co fin de fomentar o respecto baseado no coñecemento da diversidade.
- O obxectivo **(k)** acádase ao vincular esta materia coa necesidade de ter un espírito

empresario, ao fomentar a creatividade, e ter iniciativa, ao promover o traballo en equipo e ao propiciar a confianza en si mesmo e o sentido crítico na toma de decisións.

- O obxectivo (m) merece unha especial mención polas premisas que recolle acerca da aceptación e respecto polo noso propio corpo e o doutras persoas. Neste mesmo obxectivo faise referencia á dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade e ao valor que debemos outorgarlle.

#### **4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

Os criterios de avaliación xunto aos estándares de aprendizaxe que os especifican, son o elemento que serve como punto de chegada e tamén como eixo vertebrador do currículo. Estes van recoller aspectos dos obxectivos de etapa, competencias, contidos e da propia metodoloxía. Este carácter vertebrador facilita a visualización completa do proceso de ensino e aprendizaxe.

Os elementos avaliados propiamente ditos van ser os estándares de aprendizaxe, nos cales se concretan os aspectos que o alumnado debe saber e saber facer. Por este motivo, se diseña en torno a eles a avaliación, debendo ser observables, medibles e cuantificables.

O proceso avaliador debe ser continuo, integrador e formativo, de forma que con eses estándares poidamos comprobar cal vai sendo a evolución do noso alumnado en canto á súa aprendizaxe e adquisición de competencias. Ademais de poder emitir unha valoración, ten que servir para que eles/as poidan ver cales son as súas fortalezas e debilidades, facilitándolles así o traballo e mellora nas mesmas. Isto vai influír positivamente na súa motivación e interese pola materia, a cal vai resultar imprescindible no seu día a día. Por suposto, a avaliación, debe ser continua e ten que valorar o traballo diario do noso alumnado, algo que se vai ver favorecido pola metodoloxía dinámica e integradora que se levará a cabo.

Con todos estes aspectos a ter en conta, debemos destacar que o fin último da materia que se está a detallar, non é a avaliación duns contidos ou destrezas concretas, senón a formación completa e gratificante do noso alumnado.

#### **5. CONTIDOS**

Os contidos que compoñen o currículo da materia de Educación Afectivo-Sexual engloban desde aspectos biolóxicos do corpo humano, ata a propia emoción que supón estar namorado. Con esta variedade de contidos preténdese dar unha idea xeral do que é a sexualidade, englobando desde o respecto pola diversidade de orientacións sexuais como

pola igualdade entrambos sexos.

O alumnado traballará distintos aspectos que o van axudar como cidadán no seu día a día, tanto a tomar decisións baseadas no coñecemento, como a valorar as distintas situacións que se crean (sexan positivas ou negativas) ao seu arredor.

Estes contidos foron seleccionados tomando como referencia as recomendacións da UNESCO e o traballo pioneiro doutros países na Educación Afectivo-Sexual. Así mesmo, tivéronse en conta as propostas de traballo de Quérote+ incluídas dentro dos plans de axuda e orientación á xuventude propostos pola Xunta de Galicia.

A materia de Educación Afectivo-Sexual organízase en sete bloques de aprendizaxe interrelacionados de forma que ao longo de todo o curso se traballen as diversas competencias.

- Bloque 1, “Anatomía e fisioloxía”, pretende ofrecer ao alumnado un achegamento sobre os órganos que compoñen os aparellos xenitais feminino e masculino, así como o seu funcionamento.
- Bloque 2, “Afectividade e sexualidade”, presenta os aspectos afectivos relacionados coas sexualidade e unha descrición desta segundo as súas variantes.
- Bloque 3, “Diversidade sexual”, mostra ao alumnado as diferentes orientacións sexuais fomentando o respecto por dita diversidade.
- Bloque 4, “Métodos anticonceptivos”, céntrase na presentación dos diferentes métodos anticonceptivos, facendo fincapé naqueles que non son fiables e que por tanto non deben ser empregados.
- Bloque 5, “Enfermidades de Transmisión Sexual”, farase un achegamento ás infeccións que se derivan de actos sexuais sen protección e á súa grande importancia na saúde social.
- Bloque 6, “O aborto”, mostrará os tipos de aborto e a regulación legal acerca do mesmo.
- Bloque 7, “A relación de parella”, pechará o traballo sobre esta materia falando do que debe ser o amor e a igualdade e respecto entrambos membros da parella.

## **6. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS**

A materia de Educación Afectivo-Sexual, como xa se indicou, baseará o seu traballo diario nunha metodoloxía práctica, dinámica, formativa e integradora. O fin último da mesma non é a obtención dunha cualificación numérica exclusivamente, senón a formación do noso

alumnado para que sexan cidadáns responsables, coñecedores dos aspectos emocionais e fisiolóxicos da sexualidade, que vexan a diversidade como fonte de riqueza, que aprecien as distintas culturas en torno ás relacións e ao sexo, e en definitiva, que poidan convivir en sociedade cos que se lles asemellan e sobre todo cos que diverxen moito deles/as.

Por suposto a metodoloxía vai ser construtiva e baseada na aprendizaxe significativa. O propio carácter da materia xa esixe que así sexa, posto que a Educación Afectivo-Sexual forma parte de todos e cada un de nós, desde que nacemos ata que morremos. Por este motivo, trataremos de dotar ao alumnado de todas aquelas ferramentas que precise e que lle axuden na materia, aprendendo de forma colaboradora e fomentando os valores que deben rexer a convivencia de calquera sociedade.

## 7. DISTRIBUCIÓN DA MATERIA

EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL. 2º ESO				
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<b>Bloque 1. Anatomía e fisioloxía</b>				
d e h m	B1.1. O aparello xenital feminino e a súa fisioloxía. Órganos internos e externos. Glándulas mamarias.	B1.1.1. Coñecer os órganos internos femininos: ovarios, trompas de Falopio, útero e vaxina.	AB1.1.1.1. Recoñece en esquemas os órganos internos femininos.	CMCCT CCL CCEC CD
			AB1.1.1.2. Describe a fisioloxía dos órganos internos.	CMCCT CCL CD
		B1.1.2. Recoñecer os xenitais externos femininos: monte de Venus, labios maiores e menores, clítoris e vestíbulo vaxinal.	AB1.1.2.1. Comprende e relaciona graficamente os órganos externos e os seus nomes e características.	CMCCT CCL CCEC
			AB1.1.2.2. Coñece o funcionamento dos órganos externos.	CMCCT CCL CD
		B1.1.3. Comprender a función das glándulas mamarias.	AB1.1.3.1. Explica as características e a importancia das glándulas mamarias.	CMCCT CCL CD
d e h	B1.2. O aparello xenital masculino e a	B1.2.1. Coñecer os órganos sexuais masculinos e o seu	AB1.2.1.1. Identifica en esquemas os testículos, condutos, pene e glándulas	CMCCT CCL

m	súa fisioloxía. Testículos, condutos, pene e glándulas accesorias.	funcionamento.	acesorias.	CCEC
			AB1.2.1.2. Comprende o funcionamento dos órganos sexuais masculinos.	CMCCT CCL CD
d e h m	B1.3. A pel e as zonas eróxenas.	B1.3.1. Identificar as zonas corporais relacionadas coa sexualidade.	AB1.3.1.1. Describe e identifica as zonas do noso corpo que contribúen con efectos positivos na sexualidade.	CMCCT CCL CCEC
<b>Bloque 2. Afectividade e sexualidade</b>				
a b c d e h	B2.1. Amor, namoro e sexo.	B2.1.1. Comprender as dimensións dos conceptos: amor, namoro e sexo.	AB2.1.1.1. Explica as características e diferenzas entre o amor, as fases de namoro e o sexo propiamente dito.	CMCCT CCL
a b c d e h	B2.2. Dimensións da sexualidade.	B2.2.1. Coñecer o que significan: instinto sexual, desexo, conducta sexual, prácticas sexuais e a resposta sexual.	AB2.2.1.1. Explica as diferenzas entre o instinto, o desexo e a conduta sexual.	CMCCT CCL CD
			AB2.2.1.2. Identifica as diferentes prácticas sexuais.	CMCCT CCL
			AB2.2.1.3. Describe as fases da resposta sexual.	CMCCT CCL
a b c g m	B2.3. A virxindade.	B2.3.1. Comprender o que conleva fisioloxicamente o termo "virxindade".	AB2.3.1.1. Analiza as connotacións que contempla o termo "virxindade" e explica a súa interpretación biolóxica.	CMCCT CAA CSC
<b>Bloque 3. Diversidade sexual</b>				
a b c d e h i l k m	B3.1. A identidade sexual.	B3.1.1. Coñecer os conceptos: cixénero, transexualidade, transxénero, travesti e intersexualidade.	AB3.1.1.1. Describe e diferenza os termos : cixénero, transexualidade, transxénero, travesti e intersexualidade.	CMCCT CCL CSC
			AB3.1.1.1. Respecta e valora a diversidade na identidade sexual das persoas.	CMCCT CSC
a b c d e h i	B3.2. Orientación do desexo.	B3.2.1. Recoñecer os termos: homosexualidade, heterosexualidade, bisexualidade, pansexualidade e asexualidade.	AB3.2.1.1. Explica e diferenza entre: homosexualidade, heterosexualidade, bisexualidade, pansexualidade e asexualidade.	CMCCT CCL CSC



l k m			AB3.2.1.2. Comprende e respecta as diversas orientacións sexuais presentes na sociedade.	CMCCT CSC
<b>Bloque 4. Métodos anticonceptivos</b>				
d e h	B4.1. Métodos naturais.	B4.1.1. Recoñecer os métodos naturais como: ogino, temperatura basal, moco cervical, entre outros.	AB4.1.1.1. Diferenza os métodos naturais e analiza a súa efectividade ou perigosidade.	CMCCT CCL CD
d e h	B4.2. Métodos de barreira.	B4.2.1. Coñecer os métodos de barreira como: preservativo masculino e feminino, espermicidas, entre outros.	AB4.2.1.1. Identifica os métodos de barreira e a súa efectividade.	CMCCT CCL CD
d e h	B4.3. Métodos hormonais.	B4.3.1. Coñecer os métodos hormonais combinados e os de proxestáxeno.	AB4.3.1.1. Identifica os métodos como a pílula, parches transdérmicos, entre outros, como métodos combinados.	CMCCT CCL CD
			AB4.3.1.2. Describe os métodos de proxestáxeno como a minipílula, os implantes subdérmicos, entre outros.	CMCCT CCL CD
d e h	B4.4. Métodos intrauterinos.	B4.4.1. Coñecer os métodos intrauterinos como o DIU de cobre, os DIU hormonais e o IIU.	AB4.4.1.1. Identifica os distintos métodos intrauterinos e coñece a súa eficacia.	CMCCT CCL CD
d e h	B4.5. Métodos cirúrxicos.	B4.5.1. Recoñecer os métodos cirúrxicos femininos e masculinos.	AB4.5.1.1. Describe en que consiste a ligadura de trompas e a vasectomía.	CMCCT CCL CD
d e h	B4.6. Métodos postcoitais.	B4.6.1. Saber que métodos de urxencia existen.	AB4.6.1.1. Explica o funcionamento da pílula do día despois e o DIU postcoital.	CMCCT CCL CD
<b>Bloque 5. Enfermidades de transmisión sexual</b>				
d e h	B5.1. ETS producidas por bacterias.	B5.1.1. Coñecer as ETS bacterianas.	AB5.1.1.1. Describe a gonorrea, sífilis, clamidiase, entre outras.	CMCCT CCL CD
d e h	B5.2. ETS producidas por virus.	B5.2.1. Recoñecer as ETS víricas.	AB5.2.1.1. Explica o SIDA, herpes xenital, hepatite B, entre outras.	CMCCT CCL CD
d e	B5.3. ETS producidas por	B5.3.1. Coñecer as ETS parasitas.	AB5.3.1.1. Identifica a tricomoníase e outras	CMCCT CCL

h	parasitos.		doenzas de parasitos externos.	CD
d e h	B5.4. ETS producidas por fungos.	B5.4.1. Coñecer as ETS fúnxicas.	AB5.4.1.1. Describe a micose xenital.	CMCCT CCL CD
<b>Bloque 6. O aborto</b>				
d e h	B6.1. Tipos de aborto.	B6.1.1. Identificar o aborto natural e o inducido.	AB6.1.1.1. Explica o proceso e cita as causas que poden producir un aborto espontáneo.	CMCCT CCL
			AB6.1.1.2. Identifica o aborto inducido terapéutico e a interrupción voluntaria do embarazo.	CMCCT CD
d e h	B6.2. Métodos de interrupción do embarazo.	B6.2.1. Coñecer os métodos de interrupción do embarazo como o medicamentoso e a aspiración cirúrxica.	AB6.2.1.1. Describe en que consisten as interrupcións con medicamentos e mediante aspiración.	CMCCT CCL CD
d e h m	B6.3. Regulación legal do aborto.	B6.3.1. Coñecer a situación legal do aborto no noso país.	AB6.3.1.1. Enumera os apartados que recollen as leis que rexen o aborto en España.	CMCCT CCL CD
<b>Bloque 7. A relación de parella</b>				
a b c g i l k m	B7.1. Relación en igualdade.	B7.1.1. Recoñecer en que se basean as relacións en igualdade.	AB7.1.1.1. Describe os aspectos que debe cumprir unha relación igualitaria.	CMCCT CCL
a b c g i l k m	B7.2. O amor romántico.	B7.2.1. Coñecer en que se basea o amor romántico.	AB7.2.1.1. Explica o que entendemos por amor romántico e os puntos que deben incluírse no mesmo.	CMCCT CCL CAA
a b c g i l k m	B7.3. Respecto e comunicación.	B7.3.1. Recoñecer o respecto e comunicación como eixes clave nunha relación.	AB7.3.1.1. Valora a importancia do respecto e a comunicación dentro da parella.	CMCCT CAA
a b c	B7.4. Relación sana e insana.	B7.4.1. Identificar aspectos de relacións sanas e relacións	AB7.4.1.1. Comprende e valora os puntos que diferencian unha relación	CMCCT CAA CSC

g i k m		insanas.	sana e unha tóxica.	
a b c g i k m	B7.5. Conflito versus maltrato.	B7.5.1. Coñecer as dimensións que separan o conflito do maltrato.	AB7.5.1.1. Identifica situacións de conflito e de maltrato, e comprende a necesidade de poñerlles fin.	CMCCT CAA CSIEE
a b c g i k m	B7.6. As novas tecnoloxías na relación de parella adolescente.	B7.6.1. Recoñecer as vantaxes e desvantaxes das novas tecnoloxías nas relacións de parella.	AB7.6.1.1. Diferenza as situacións e feitos que conlevan ao maltrato e control sobre a parella.	CMCCT CAA CSIEE
a b c g i k m	B7.7. Desamor e/ou ruptura.	B7.7.1. Coñecer os estados de ánimo que seguen á ruptura e/ou desamor.	AB7.7.1.1. Valora e comprende as situacións de emocións baixas que derivan dunha situación de desamor e/ou ruptura.	CMCCT CAA CSC

## 8. FICHA TÉCNICA DOCENTE

NOME DA MATERIA

Educación afectivo-sexual

NIVEL

2º ESO

DEPARTAMENTO

Bioloxía e Xeoloxía, Orientación

CARGA HORARIA SEMANAL

1 h

PROFESORADO IMPLICADO

Verónica Peña Taín, Ana Belén Fernández Porral